

N. Expediente 3910/2020
Asunto SUBVENCIONS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO 2020 _ DEPORTES

ANUNCIO

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 25 de novembro de 2020 adoptouse a seguinte resolución (en extracto),

“PRIMEIRO.- Conceder as subvencións correspondentes á “Convocatoria de subvencións municipais a entidades sen fins de lucro para o ano 2020 - Transferencias a entidades deportivas”, ás solicitudes que figuran a continuación (15), non habendo ningunha denegada, polo importe que se indica e con cargo á aplicación orzamentaria 3410.48900:

ENTIDADE	IMPORTE
CLUB JUVENTUD DE CAMBADOS	16.850 €
CLUB XUVENTUDE BALONCESTO	14.900 €
CLUB CAMBADOS TENIS DE MESA	11.400 €
CLUB PIRAGÜISMO CAMBADOS	8.700 €
CLUB ATLETISMO CAMBADOS	7.500 €
CLUB VOLEIBOL XAV CAMBADOS	4.200 €
CLUB DE TENIS CAMBADOS	2.600 €
ASOCIACIÓN DEPORTIVA GRAND JETE	1.100 €
CLUBE MARIÑO SALNÉS	1.100 €
CLUB DE AJEDREZ ALBARIÑO	850 €
CLUB DE PESCAAS JORITAS	800 €
CLUB CAMBADOS GAÉLICO	800 €
ESCOLA DEPORTIVA A MERCED	400 €
CLUB ALBARIÑO VETERANOS	400 €
ASOCIACIÓN CULTURAL VELA TRADICIONAL	400 €
TOTAL	72.000 €

SEGUNDO. Ampliar o prazo de xustificación das subvencións concedidas, fixado na cláusula 8 da convocatoria, ata o día 15 de decembro (inclusive).

As entidades beneficiarias deberán presentar a xustificación da subvención concedida segundo o contido e forma disposto nas bases da convocatoria, entendéndose en caso contrario que desiste da súa petición.

TERCEIRO.- Publicar o presente Acordo de concesión das subvencións no taboleiro de anuncios do Concello de Cambados aloxado na sede electrónica municipal (<https://cambados.sedelectronica.gal>), aos efectos do disposto no artigo 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.”

De acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes contado desde o día seguinte a súa publicación, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados desde o día seguinte a súa publicación, nos termos recollidos na lexislación vixente.

Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou non se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

